

CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

3º ESO-PMAR

● **Funcións da linguaxe e gramática.**

- Saudar, presentarse a sí mesmo e a outros. Intercambiar información personal.
 - Fórmulas: *nice to meet you...*

- Descricións físicas e de personalidade.
 - Adxectivos: posicións atributiva e predicativa.
 - Comparativo e superlativo dos adxectivos.
 - *Too* + adxectivo / adxectivo + *enough*.

- Expresar hábitos.
 - Presente simple.
 - Adverbios de frecuencia: *always, often,...*

- Expresar accións en curso, comparándoas con accións habituais.
 - Presente simple / presente continuo.
 - Expresións temporais: *now, at the moment...*

- Expresar gustos e preferencias.
 - *Like / love / don't mind / hate + -ing*

- Narrar feitos do pasado, biografías e películas.
 - Pasado simple.
 - Expresións de tempo: *last month, yesterday, ago,...*
 - Pasado continuo / pasado simple.
 - *While / when*.

- Dar consello.
 - *Should / shouldn't*.

- Expresar o deber, a obriga e a ausencia desta.
 - *Have to / don't have to / must / mustn't* .

- Expresar habilidade ou capacidade e permiso.
 - *can / could*.

- Expresar plans, a idea de futuro de intención, predicións, probabilidade, posibilidade e hipótese.
 - *Will / won't / be going to + infinitive*.

- *Present continuous* con valor de futuro.
- *May / may not.*
- Oracións condicionais do tipo 1 e 2.

- Dar e pedir información sobre produtos que requiren un proceso de elaboración: música, libros...
 - A voz pasiva (presente simple e pasado simple).
 - Frases adverbiais.

- Expresar cantidade.
 - Nomes contables e incontables.
 - *Much / many / a lot of / a little...*

- Preguntar e responder sobre feitos que xa remataron ou aínda non remataron, sobre feitos recentes e experiencias.
 - *Present perfect e past simple.*
 - *Ever / never / just.*
 - *For / since.*
 - *Already / yet.*

- **Léxico.**
 - Adxectivos que describen fisicamente.
 - Adxectivos que describen a personalidade.
 - Partes do corpo.
 - Familia.
 - Animais.
 - Materias escolares.
 - Roupa.
 - Deportes e equipamento deportivo.
 - Mobiliario.
 - Lugares.
 - Transporte.
 - Comida e bebida.
 - Rutinas.
 - Arte.
 - Verbos que denotan acción.
 - Accidentes xeográficos.
 - Outros adxectivos.
 - Emocións.
 - Profesións.
 - Moda.
 - Adxectivos relacionados coa roupa e a moda.

- Artículos relacionados coas viaxes.
 - Espazo.
 - Verbos.
 - Lugares.
 - Verbos relacionados cos medios de transporte.
 - A casa: electrodomésticos.
 - Tecnoloxía.
- Exame sobre un **libro de lectura obrigatoria** axeitado ao nivel do alumnado.

Estes contidos aparecerán reflectidos na adquisición das diferentes habilidades lingüísticas: escoitar, falar, ler e escribir.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Como instrumentos de avaliación utilizaranse:

-A observación sistemática do desenvolvemento das tarefas realizadas na clase (incluída a actitude) ou encomendadas para casa (a nivel de produción- oral e escrita- e de comprensión- oral e escrita), ben individuais, en parellas ou pequenos grupos, a utilización do inglés como lingua de comunicación na clase, o comportamento e a realización de proxectos individuais ou en grupo. A media destas notas suporá o 30% da nota da avaliación.

-A realización de dúas ou tres probas formais a nivel individual (exames) ao longo de cada unha das tres avaliacións, que incluirán varios apartados: *grammar, vocabulary, reading, writing, listening* e unha proba de *speaking* ao remate de cada unha das avaliacións. Entre estas probas formais estará durante a terceira avaliación o exame escrito e/ou oral sobre o libro de lectura obrigatoria. A media das notas de estas probas suporá o 70% da nota da avaliación.

Non se realizarán probas de recuperación, entendendo que o inglés é unha materia con *contidos progresivos* e que cada unha das diferentes avaliacións inclúe contidos das anteriores.

Para obter a **nota final**, o baremo utilizado será o seguinte:

- Nota da 1ª avaliación: 20%.
- Nota da 2ª avaliación: 30%.
- Nota da 3ª avaliación: 50%.

A final de curso, aqueles alumn@s que tras aplicar este baremo teñan a materia suspensa, realizarán un exame global (oral e escrito) dos contidos

traballados durante todo o curso. Se o aproban, a materia considerárase superada.

Nas **probas extraordinarias de setembro**, o exame realizado suporá o 100% da nota obtida, agás no caso dos alumn@s coa materia pendente de cursos anteriores que tiveran entregado no prazo sinalado as actividades de reforzo (75%).

En calquera dos casos anteriores (avaliación ordinaria en xuño, extraordinaria en setembro ou avaliación de pendentes) considerárase que un alumn@ supera a materia de inglés cando a nota final sexa **igual ou superior a 5**.

INFORMACIÓN PARA OS ALUMNOS/AS COA MATERIA DE INGLÉS PENDENTE DE CURSOS ANTERIORES

Os alumn@s coa materia pendente de cursos anteriores terán os mesmos contidos co resto dos alumn@s deses cursos, contidos que están expostos nos taboleiros de cada un dos grupos.

A avaliación destes alumn@s levarase a cabo seguindo dúas vías:

- entrega de actividades de reforzo na data establecida. Este traballo, realizado correctamente e entregado na data indicada, suporá o 25% da nota.
- realización dun exame no mes de maio e, de non superalo, na convocatoria extraordinaria de setembro. Suporá o 75% da nota.

Para aqueles alumno@s que non entregaran as actividades de reforzo, o exame realizado na convocatoria extraordinaria de setembro suporá o 100% da nota.

A recollida de actividades de reforzo por parte do alumnado terá lugar durante a última semana de outubro e a entrega das actividades realizadas, durante a última semana de abril. Unha vez corrixidas, serán devoltas ao alumnado.